

CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE BEGONTE.

Autores: Fernando Arribas Arias.
José Manuel Blanco Prado.

I. INTRODUCCIÓN.

O cruceiro que é, no sentir de Vicente Risco, “ o moimento máis dino de nota na nosa arte popular”, adquire na Chaira rango de obra de arte máis que popular, propiamente emblemática dunha bisbarra e das súas xentes.

Moimento popular, como obra de máns anónimas aínda que expertas (como as das tres xeracións dos Carboeira de Román), reflicte cabalmente o carácter modesto e de esforzo colectivo que foi a historia das xentes da Terrachá.

Moimento de carácter campesino e mesmo de difusión recente (en xeral, de pouco máis dun século), que expresa esa relación telúrica do chairego coa terra na que mora en vida e á que volta con frecuencia, de morto, con ocasión de festas e fiadeiros, pero tamén de “quimeras” ou “partillas”. Ten a forza da súa feitura (moderna) en pedra de cantería, que lle deu deste modo firmeza ás vellas cruces de pau que deberon inzar a meseta chairega durante séculos. E ten a enerxía oculta que lle concede a súa orixe popular e comunal, telúrica e mesmo panteísta, cristianada pola doutrina da Igrexa pero sen perder o seu saibo pagano ¹.

II. LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO DE BEGONTE

Trátase dun municipio, situado na parte occidental da provincia de Lugo, que posúe unha superficie de 126,8 km². Nela vive, segundo o I.G.E. ² do ano 2019, unha poboación de 3026 habitantes, distribuída en 19 parroquias ³. As súa principais


¹ Extracto do Prólogo que realizou D. Ramón Villares Paz, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela, para o libro “ **Cruceiro de Begonte, Cospeito e Rábade**”-

² Instituto Galego de Estadística.

³ Baamonde (Santiago), Baldomar (San Xoán), Begonte (San Pedro), Bóveda (Santalla), Carral (San Martiño), O Castro (Santa María), Damil (San Salvador), Donalbai (San Cristovo), Felmil (Santiago), Gaibor (San Xiao), Illán (Santiago), Saavedra (Santa María), Cerdeiras (San Fiz), Pacios (San Martiño), Pena (San Vicente), Santalla de Pena (Santalla), Trobo (Santa María), Uriz (Santo Estevo), Viris (Santa Elena)..


entidades de poboación son Begonte, capital municipal, e Baamonde. Ademais, este territorio está comunicado pola autovía A-6 e a N-VI, coas que empata a A-8 (Autovía da Costa). Así mesmo, a liña do ferrocarril Palencia- A Coruña, ten neste municipio dúas estacións: as de Baamonde e Begonte. Por outra banda, este espazo territorial está encravado na comarca da Terra Chá, que ocupa unha extensión de 1823 km², sendo considerada a comarca natural máis ampla e chá de Galicia. Abrangue, ademais deste municipio, aos de Abadín; Castro de Rei; Cospeito; Guitiriz; Muras; A Pastoriza; Vilalba; e Xermade, que constitúen co municipio de Outeiro de Rei os lindeiros do de Begonte.

III. MAPAS DE LOCALIZACIÓN⁴.



⁴ Os mapas de localización foron realizados polo delineante José Cancio Fernández.

CONCELLO DE BEGONTE E RÁBADE



SIMBOLOXÍA

- ▣ CALVARIOS
- + CRUCEIROS
- CRUCES

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

BEGONTE

- 1 GAIBOR
- 2 TROBO
- 3 BAAMONDE
- 4 PACIOS
- 5 ILLÁN
- 6 FELMIL
- 7 BÓVEDA
- 8 BEGONTE
- 9 DAMIL
- 10 CASTRO

RÁBADE

- 1 RÁBADE (S. VICENTE)

- 11 SAAVEDRA
- 12 VIRIS
- 13 VALDOMAR
- 14 PENA (S. VICENTE)
- 15 CERDEIRAS
- 16 CARRAL
- 17 DONALBAI
- 18 PENA (SANTALLA)
- 19 URIZ

IV. ANÁLISE SOBRE ALGUNHAS TIPOLOXÍAS.

Neste municipio encontramos 1 calvario e 19 cruceiros, distribuídos por entidades parroquiais da seguinte maneira..

1. Na parroquia de Baamonde, un calvario situado no adro da igrexa parroquial. **(FOTO 1)**. E dos cruceiros, de propiedade privada: un da **“Casa de Amadeo” (FOTO 2)**, situado na finca da Rosaleda ; e outro, da **“Casa de Castelo” (FOTO 3)**, situado no interior da súa propiedade.
2. En Baldomar, un cruceiro colocado preto do adro da igrexa parroquial. **(FOTO 4)**
3. En Bóveda, dous cruceiros: un, situado no lugar de Bocacarreira, nun cruzamento de viarios.**(FOTO 5)**; e outro, situado no lugar de “A Bailada”, pertencente a **“Casa de Mechas” (FOTO 6)**.
4. En Castro, un cruceiro ubicado preto do adro da igrexa **(FOTO 7)**.
5. En Cerdeiras, un cruceiro situado no lugar de **Ximarás**, nun cruzamento de viarios **(FOTO 8)**.
6. En Damil, un cruceiro emprazado no adro da igrexa parroquial **(FOTO 9)**.
7. En Donalbai, dous cruceiros: o cruceiro da igrexa, situado preto da igrexa parroquial, **(FOTO 10)**; e o cruceiro do Quinto, nun cruzamento de viarios **(FOTO 11)**.
8. En Felmil, un cruceiro emprazado no lugar de Denune preto da estrada á Feira do Monte **(FOTO 12)**.
9. En Gaibor, tres cruceiros: o cruceiro de Barrazoso Vello, colocado nun cruzamento de viarios e preto da capela do San Andrés **(FOTO 13)**; o cruceiro da igrexa, no adro parroquial **(FOTO 14)**; e o do “Muiño Novo” ao carón da casa do mesmo nome..**(FOTO 15)**.
10. En Pacios, un cruceiro situado preto da igrexa parroquial **(FOTO 16)**.
11. En Santalla de Pena, un cruceiro, de propiedade privada **(FOTO 17)**.
11. En Saavedra, un cruceiro situado nun cruzamento de viarios e preto da igrexa parroquial **(FOTO 18)**.
12. En Trobo, dous cruceiros: o da igrexa, emprazado no adro da igrexa parroquial **(FOTO 19)** ; e o de San Martiño de Arriba, situado nun cruzamento de viarios. **(FOTO 20)**.

Para o estudio destas tipoloxías tomamos como fundamento os seguintes traballos:

1. O estudio realizado por José Manuel Blanco Prado e Manuel Rodríguez Sánchez sobre **“Os cruceiros e cruces de Begonte”** no ano 1988.

2. O estudio feito por Fernando Arribas Arias e José Manuel Blanco Prado sobre os “Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade” no ano 2000.

O noso labor neste concello fundamentouse nos seus inicios nunha visita que serviu para levar a cabo unha análise destes moimentos. Logo, fixemos unha segunda na que poidemos comprobar a restauración, que levou a cabo o Concello, destas manifestacións artísticas ⁵.

Referente a súa conservación encontramos quince cruceiros e o calvario en bo estado ⁶. Dous cruceiros que amosan un dos chanzos da plataforma un pouco deteriorados ⁷, e un que amosa a parte superior do fuste agretada por todas as caras ⁸. Finalmente, nos últimos tempos hai cruceiros que mostran moita maleza ao seu carón ⁹.

Por outra banda, o cruceiro amosa os seguintes elementos con respecto a súa composición: a plataforma, a base, o fuste ou varal, o capitel e a cruz.

1. A PLATAFORMA.

Amosa un chanzo en tres cruceiros¹⁰; dous chanzos en cinco¹¹; tres chanzos en catro e o calvario ¹²; e catro en tres ¹³. Tamén, hai un cruceiro deste século que amosa unha plataforma cilíndrica¹⁴.

2. A BASE.

Mostra diferentes modalidades:

2.1. Base paralelepípeda coas arestas superiores redondeadas ***nos cruceiros de Bocacarreira (Bóveda) e do Castro.***

⁵ O investimento na recuperación destes cruceiros de Begonte foi de 2.051.924 ptas., procedentes do “Plan Leader”. As obras foron realizadas pola empresa Protección Vial S. A. de Ourense. (A Voz de Galicia, 24-II-1998).

⁶ Calvario de Baamonde. Cruceiro de Baldomar. Cruceiro de Bocacarreira (Bóveda). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro de Damil. Cruceiro do Quinto (Donalbai). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro do Muiño Novo (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo)..Cruceiro de Martín de Arriba (Trobo).

⁷ Cruceiro da igrexa (Donalbai). Cruceiro do Castro.

⁸ Cruceiro de Barrazoso Vello (Gaibor).

⁹ Cruceiro do Quinto (Donalbai).

¹⁰ Cruceiro de Barrazoso Vello (Gaibor). Cruceiro do Muiño Novo (Gaibor). Cruceiro de Martín de Arriba (Trobo).

¹¹ Cruceiro de Baldomar, cruceiro de Bocacarreira (Bóveda), cruceiro do Castro, cruceiro do Quinto (Donalbai), e cruceiro da “Casa de Mechas” (A Bailada. Bóveda).

¹² Calvario de Baamonde (1) – cruceiros da esquerda e da dereita-, cruceiro da igrexa (Donalbai), cruceiro de Denune (Felmil), cruceiro de Pacios, cruceiro de Saavedra e cruceiro da igrexa (Trobo).

¹³ Calvario de Baamonde (1) –cruceiro central-, cruceiro de Guimarás (Cerdeiras) e cruceiro da igrexa (Gaibor).

¹⁴ O cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde).

- 2.2. Base cúbica coas arestas superiores rebaixadas en tres cruceiros¹⁵.
- 2.3. Base monolítica, composta por tres elementos: o inferior de forma paralelepípeda; e o central e superior de igual forma mais con bordos superiores redondeados, amosando entre ambos os dous unha escocia e dous filetes, ***nos cruceiros da dereita e esquerda do Calvario de Baamonde.***
- 2.4. Base monolítica, de dous corpos, separados por unha escocia: o inferior de forma paralelepípeda e o superior troncopiramidal, en tres cruceiros ¹⁶.
- 2.5. Base monolítica, de tres tramos: o inferior de forma paralelepípeda; o central cunha moldura en cima recta ou gola, e o superior de forma paralelepípeda pero máis estreito que o inferior. ***Cruceiro da igrexa de Trobo.***
- 2.6. Base monolítica, de dous tramos: o inferior, paralelepípedo ; e o superior cunha molduración en talón ou cima reversa. ***Cruceiro da “Casa de Mechas” (A Bailada. Bóveda).***
- 2.7. Base monolítica, de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, troncopiramidal. ***Cruceiro de Amadeo (Baamonde).***
- 2.8. Base monolítica, de forma troncocónica estriada. ***Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde).***
- 2.9. Base monolítica, de tres tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; o central cunha moldura en escocia; e o superior cunha moldura en cuarto bocel. ***Cruceiro de Santalla.***
- Ademais, mostra unha inscrición en sete cruceiros¹⁷.

A. CRUCEIRO DO QUINTO (DONALBAI).

CARA SUR. RECUERDO / DE / JUAN DORADO / AÑO 1935/.

B. CRUCEIRO DE DENUNE (FELMIL).

CARAS NORTE, SUR E LESTE.

“EL ILMO. SR. D. MANUEL PÉREZ DE CASTRO, OBISPO DE MONDOÑEDO, CONCEDIÓ 40 DÍAS DE INDULGENCIA A LOS QUE RECEN CON DEVOCIÓN DELANTE DE ESTAS IMÁGENES, UN PADRENUESTRO; 40 POR UNHA AVEMARÍA O SALVE Y 40 POR UN ACTO DE CONTRICCIÓN O

¹⁵ Cruceiro do Quinto (Donalbai), cruceiro do Muiño Novo (Gaibor) e cruceiro de S. Martín de Arriba (Trobo).

¹⁶ Cruceiro de Denune (Felmil), cruceiro da igrexa (Gaibor) e cruceiro de Saavedra.

¹⁷ Cruceiro do Quinto (Donalbai). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro do “Muiño Novo” (Gaibor). Cruceiro de Saavedra . Cruceiro da igrexa (Trobo).

CREDO. LO COSTEÓ ANTONIO DÍAZ DE FELMIL Y SUS HIJOS EN EL AÑO 1891”.

C. CRUCEIRO DA IGREXA (GAIBOR).

En dúas caras da parte superior presenta a seguinte inscrición:

“JACINTO GARCÍA E RAMÓN GARCÍA, MEMBROS DA CASA DE “MUIÑO NOVO” CUSTEARON ESTE CRUCEIRO”.

Na inscrición tamén se alude ás indulxencias ,que concede o bispo de Mondoñedo aos que recen diante do cruceiro unhas oracións que foron aprobadas pola igrexa. Finalmente aparece o ano **“1896”** , data na que se construiu o cruceiro.

D. CRUCEIRO DO MUIÑO NOVO

Nunha das caras da base lese a seguinte inscrición:

“ RAMON/GARCÍA AÑO /DE 1813” ¹⁸.

E .CRUCEIRO DE SAAVEDRA.

Nas caras norte e leste da parte superior ía gravada unha inscrición que facía mención ***“ aos corenta días de indulxencias concedidas polo biaspo de Mondoñedo, aos que recen diante destas efixies, o Painoso, unha Avemaría e o Credo***”.

Tamén aparece na base o ano **1898** , data na quefoi construído o cruceiro.

F. CRUCEIRO DE TROBO.

Nas catro caras, hai unha inscrición na parte inferior, que reflicte o seguinte:

(FOTO 21)

“ TALLÓ ESTAS IMAGE / NES EL ARTISTA BENI / TO RIFON CORRAL EN EL / VERANO DEL AÑO DE 1899/ DEVOCIÓN DE BENI / TO RIFÓN CORRAL, DE ES / TA PARROQUIA SIENDO CURA D. DANIEL V.../ EL YLMº SR. OBISPO DE / MONDOÑEDO CONCE / DIO 40 DIAS DE YNDUL / GENCIA POR REZAR/ CADA VEZ QUE SE RE / ZE EL PADRENUESTRO / O POR CADA CREDO DE / LANTE DE ESTAS EFIGIES”.

¹⁸ É moi probable que a data de 1813 esté equivocada e sexa 1893, tendo en conta que Ramón García foi unha das persoas que mandou construír o cruceiro situado ao carón da igrexa de Gaibor, que data do ano 1896.

G. CRUCEIRO DE SANTALLA.

Unha das caras da base ten un acanalamento no seu interior, no que se amosa a seguinte inscrición:

“A NOSAS / NETAS”.

Logo, aparece a data de construción do cruceiro, que foi construído polo escultor **Manuel Silvarrey** no século XXI. Este escultor ten o seu taller en Begonte.

A nivel decorativo, a base amosa algúns relevos da paixón nas catro caras do **cruceiro da igrexa de Trobo**. (FOTO 22). (FOTO 23)

3. O FUSTE

É monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto, agás os **Cruceiros de Baldomar e de Santalla**, que teñen unha sección cilíndrica; o da **“Casa de Castelo”(Baamonde)**, que é cilíndrico e, tamén, estriado; e o **de Pacios**, que amosa unha sección cuadrangular no seu conxunto.

A nivel decorativo, as caras do extremo superior están ornamentadas polos seguintes motivos:

3.1. Uns roeis e rombos ¹⁹.

3.2. Unha custodia ²⁰.

O resto do fuste está ornamentado en catro cruceiros polos instrumentos da paixón en relevo. A súa colocación nunha orde descendente é variable segundo facemos constar a continuación:

1. CRUCEIRO DE DENUNE (9) (FELMIL). (FOTO 24)

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

2. CRUCEIRO DA IGREXA (11) (GAIBOR).

¹⁹ Cruceiro de Denune (9) (Felmil). Cruceiro da igrexa (11) (Gaibor). Cruceiro de Saavedra (13) (Saavedra). Cruceiro da igrexa (14) (Trobo).

²⁰ Cruceiro da igrexa (11) (Gaibor). Cruceiro de Saavedra (13).

Unha columna, tres cravos, un martelo, unhas tenaces, una espada e unha escaleira de dez banzos.

3. CRUCEIRO DE SAAVEDRA (13) (SAAVEDRA). (FOTO 25)

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

4. CRUCEIRO DA IGREXA (14) (TROBO). (FOTO 26))

Tres cravos, unha tenaces, un martelo, unha escaleira de cinco banzos, unha lanza, un látego e Cristo atado á columna.

Ademaís, *o cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde)*, está decorado na parte media da cara do Cristo por unha efíxie de Santiago peregrino, apoiada nunha repisa. Así mesmo, tanto a parte inferior como a superior deste mesmo cruceiro está ornamentada por colariños (moldura anular).

Así mesmo, a parte superior do fuste esta ornamentada por un colariño *no cruceiro da “Casa de Castelo”* e por un dobre colariño *no cruceiro de Santalla de Pena*. Tamén, a parte inferior do fuste está enfeitada por un colariño *no cruceiro de Santalla de Pena*.

Por outra banda, o fuste amosa unha inscrición no extremo inferior do *cruceiro da igrexa de Trobo*.

Cara W. (extremo inferior): **AÑO / DE / 1899/**.

4. O CAPITEL.

Presenta formas variadas:

4.1. De forma troncopiramidal invertida en doce cruceiros ²¹.

4.2. De forma cúbica nos *cruceiros laterais do calvario de Baamonde*: no *cruceiro do Castro*; e no *cruceiro de Barrazoso Vello* (Gaibor).

4.3. De forma paralelepípeda nos *cruceiros de Damil; no de Muiño Novo (Gaibor); no da “Casa de Amadeo” (Baamonde); e no de Pacios, que amosa ademais dous pequenos resaltes: un, de forma troncopiramidal, na parte superior; e outro, de forma troncopiramidal invertida, na parte inferior*.

²¹ Cruceiro central do calvario de Baamonde . Cruceiro de Baldomar. Cruceiro de Bocacarreira (Bóveda). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro de Damil . Cruceiro da igrexa (Donalbai). Cruceiro do Quinto (Donalbai). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro de Santalla de Pena. Cruceiro da igrexa (Trobo).

4.4. De forma moldurada en nove cruceiros ²².

4.5. De forma troncocónica invertida no **cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde)**.

Con respecto á decoración este elemento artístico mostra diferentes temas:

1. Querubíns e volutas en seis cruceiros ²³.**(FOTO 27)**

2, No **Cruceiro da igrexa de Gaibor**, a decoración de “querubíns” do capitel é diferente nas súas catro caras.

3. Follas de acanto no **cruceiro de Guimarás (Cerdeiras)**.

4. Volutas e follas de acanto no **cruceiro de Santalla de Pena**.

5. Volutas e cunchas de vieira no cruceiro da **“Casa de Castelo” (Baamonde)**

Así mesmo, o capitel presenta unha inscrición nos **cruceiros das igrexas de Donalbai e Gaibor**.

1. **CRUCEIRO DA IGREXA DE DONALBAI.**

Na súa parte superior hai unha inscrición ilexible.

2. **CRUCEIRO DA IGREXA DE GAIBOR.**

Na parte superior da Cara NE, lese a seguinte inscrición: **Antonio y S. José.**

5. **A CRUZ.**

Amosa as seguintes formas na súa sección:

5.1. Sección cuadrangular nos seus extremos e coas arestas biseladas no resto, en doce cruceiros ²⁴.

5.2. Sección octogonal en cinco cruceiros ²⁵.

5.3. Sección cilíndrica no **cruceiro central do Calvario de Baamonde e no cruceiro da igrexa de Trobo**.

5.4. Sección cuadrangular no seu conxunto²⁶.

²² Calvario de Baamonde. Cruceiro de Baldomar. Cruceiro da Bailada (Bóveda). Cruceiro do Castro. Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro da igrexa (Donalbai). Cruceiro do Quinto (Donalbai). Cruceiro do Muiño Novo (Gaibor). Cruceiro de S. Martín de Arriba (Trobo).

²³ Cruceiro central do Calvario de Baamonde. Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

²⁴ Cruceiro da “Casa de Amadeo” (Baamonde). Cruceiro da Bailada (Bóveda). Cruceiro de Baldomar. Cruceiro de Bocarreira (Bóveda). Cruceiro do Castro. Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro de Damil. Cruceiro do Quinto (Donalbai). Cruceiro de Barrazoso Vello (Gaibor). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro de S. Martín de Arriba (Trobo).

²⁵ Cruceiros laterais do Calvario de Baamonde. Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro da igrexa (Donalbai). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro do Muiño Novo (Gaibor).

Así mesmo, mostra dous remates:

1. Cruz florenzada en oito cruceiros ²⁷.
2. Cruz lanceolada **no cruceiro do Quinto**.
3. Cruz potenziada **no cruceiro da “Casa de Mechas” (A Bailada. Bóveda)**

Por outra banda, no anverso da cruz aparece a efíxie de Cristo no calvario e, tamén, en oito cruceiros ²⁸.

Presenta os seguintes trazos:

1. A cabeza inclinada ao lado dereito en nove cruceiros ²⁹.
2. As mans pechadas no **cruceiro central do Calvario de Baamonde e no cruceiro do Quinto (Donalbai)**.
3. As mans abertas en seis cruceiros ³⁰.
4. O perizoma anoado ao lado dereito en oito cruceiros ³¹.
5. O perizoma anoado ao lado esquerdo **no cruceiro central do Calvario de Baamonde e no cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde)**.
6. O pé dereito sobre o esquerdo en sete cruceiros ³².
7. O pé esquerdo sobre o dereito **no cruceiro central do calvario de Baamonde, no cruceiro da Bailada (Bóveda) e no cruceiro da igrexa de Trobo**.
8. Ambos os dous pés sobre unha caveira en tres cruceiros ³³. (FOTO 28))

²⁶ Cruceiro de Pacios.

²⁷ Cruceiros laterais do calvario de Baamonde. Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro de Santalla de Pena.

²⁸ Calvario de Baamonde. Cruceiro da “Casa de Amadeo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Mechas” (A Bailada. Bóveda). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

²⁹ Cruceiro central do Calvaio de Baamonde. Cruceiro da “Casa de Amadeo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde). Cruceiro da Bailada (Bóveda). Cruceiro do Quinto (Donalbai). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

³⁰ Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

³¹ Cruceiro da “Casa de Amadeo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Mechas” (A Bailada. Bóveda). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro do Quinto (Donalbai). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

³² Cruceiro da “Casa de Amadeo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

³³ Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra.

9. A efíxie de Cristo franqueada por dous santiños nos **cruceiros de Denune (Felmil) e no da igrexa (Gaibor)**. (FOTO 29)

10. Unha cartela en dez cruceiros ³⁴.

11. As pernas flexionadas en dez cruceiros ³⁵.

En canto a ornamentación deste elemento artístico podemos facer alusión aos seguintes trazos:

1.O **cruceiro esquerdo do Calvario de Baamonde** está ornado no seu anverso por un cáliz.

2. O **cruceiro do Quinto (Donalbai)** amosa un querubín na cabeceira da cruz.

No reverso da cruz, aparece igualmente a efíxie da Virxe en oito cruceiros ³⁶.

Amosa os seguintes trazos:

1. Mostrase como Piedade no **cruceiro de Denune (Felmil)**. (FOTO 30)

2. Amósase como Dolorosa no **Calvario de Baamonde (cruceiro central) e no cruceiro da igrexa de Trobo**.

3. A Virxe presentase co Neno en tres cruceiros ³⁷.

4. Presentase coas mans cruzadas sobre o abdome en seis cruceiros ³⁸.

5. Leva manto e túnica en sete cruceiros ³⁹.

³⁴ Calvario de Baamonde (cruceiro central).Cruceiro da “Casa de Amadeo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Mechas” (A Bailada. Bóveda). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro do Quinto (Donalbai). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

³⁵ Calvario de Baamonde- cruceiro central-. Cruceiro da “Casa de Amadeo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Mechas” (A Bailada. Bóveda). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro do Quinto (Donalbai). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

³⁶ Calvario de Baamonde (Cruceiro central). Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Mechas” (A Bailada. Bóveda). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro de Denune (Felmil). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

³⁷ Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Denune (Felmil).

³⁸ Calvario de Baamonde (cruceiro central). Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Mechas” (A Bailada. Bóveda). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

³⁹ Calvario de Baamonde (Cruceiro central). Cruceiro da “Casa de Castelo” (Baamonde). Cruceiro da “Casa de Mechas” (A Bailada. Bóveda). Cruceiro de Guimarás (Cerdeiras). Cruceiro da igrexa (Gaibor). Cruceiro de Saavedra. Cruceiro da igrexa (Trobo).

Con respecto a outras tipoloxías destas manifestacións artísticas, podemos considerar polo seu interese as seguintes:

En relación á policromía, encontramos restos no ***cruceiro da igrexa de Trobo***.

En canto ás procesións, houboas e segue habendoas nas seguintes capelas e igrexas con motivo da súa festividade:

1. En Baamonde, celébrase o día 11 de setembro a festividade da Virxe do Rosario. Pois ben, nese día , ao rematar a misa solemne a procesión adoitaba dar unha volta ó redor do Calvario, cando estaba situado no seu antigo emprazamento.
2. Na capela de Guimarás (Cerdeiras), conmemórase , os días 8 e 9 de setembro, a festividade da Natividade. Noutroora, ao rematar os oficios relixiosos no interior da capela, saía a procesión que soía dar unha volta ó redor do cruceiro.
3. Na capela do San Andrés (Barrazoso Vello), festexáse a festividade do Santo no mes de setembro. Ao finalizar a misa solemne adota saír a procesión que da unha volta ó redor do cruceiro.

Con respecto aos materiais empregados case todos os cruceiros están construídos de granito, agás os elementos das seguintes manifestacións artísticas:

1. ***CRUCEIRO DE BOCACARREIRA (BÓVEDA)***. Plataforma de dous chanzos: o inferior de cemento.
2. ***CRUCEIRO DO MUIÑO NOVO (GAIBOR)***. Plataforma dun chanzo de cemento. Tamén, hai restos deste material na unión dalgúns elementos artísticos que no transcurso dos anos foron sufrindo un proceso maior ou menor de restauración.

Por outra banda, co transcurso dos anos, houbo cruceiros que cambiaron de situación:

1. ***CALVARIO DE BAAMONDE***. Antano, este calvario estaba situado ao carón do adro da igrexa parroquial. Ao restaurar a igrexa e acondicionar o adro, o calvario foi trasladado a súa actual situación.
2. ***CRUCEIRO DE BALDOMAR***. Debido á reconstrución do adro da igrexa, cambiouse de situación.hai uns 25 anos aproximadamente.
3. ***CRUCEIRO DE BOCACARREIRA (BÓVEDA)***. Ata o ano 1955, este cruceiro estaba situado no adro da igrexa de Bóveda. Nese ano, logo de celebrarse unha misión en Bocarreira , foi cambiado ao lugar actual.

4. **CRUCEIRO DE MUIÑO NOVO (GAIBOR).** Ata comezos da última década do século pasado, o cruceiro estaba situado no interior dunha finca da “*Casa de Muiño Novo*”, situada a uns cincocentos metros e pertencente, dende o punto de vista do patrimonio artístico, ao concello vilalbés.

5. **CRUCEIRO DE SAN MARTÍÑO DE ARRIBA (TROBO).** Dícese que este cruceiro estivo noutrora ao carón da igrexa (adro?).

En relación á semellanza duns cruceiros con outros podemos aportar os seguintes datos:

1. CALVARIO DE BAAMONDE.

1.1. As bases e os fustes dos tres cruceiros son moi similares, variando no tamaño.

1.2. Os capiteis e cruces dos cruceiros laterais son moi semellantes.

2. **O CRUCEIRO DA IGREXA DE GAIBOR** garda relación có de **SAAVEDRA**.

3. Os motivos da paixón da “base” do **cruceiro de Trobo** son semellantes aos do **cruceiro de Reximil** (Xustás) (Cospeito).

En canto aos cruceiros, provistos de data, adoitan tela na base e no fuste.

1. DATA NA BASE.

1.1. CRUCEIRO DO QUINTO (DONALBAI). ANO DE 1935?.

1.2. CRUCEIRO DE DENUNE (FELMIL). ANO DE 1891.

1.3. CRUCEIRO DA IGREXA (GAIBOR). ANO DE 1896.

1.4. CRUCEIRO DO MUIÑO NOVO (GAIBOR). ANO DE 1893.

1.5. CRUCEIRO DE SAAVEDRA. ANO DE 1898.

1.6. CRUCEIRO DA IGREXA (TROBO). ANO DE 1899.

2. DATA NO FUSTE.

2.1. CRUCEIRO DA IGREXA (TROBO). ANO DE 1899.

Con respecto as persoas, que construíron e mandaron realizar os cruceiros, facemos mención ás seguintes:

1. CRUCEIRO DO QUINTO (DONALBAI). JUAN DORADO.

2. CRUCEIRO DE DENUNE (FELMIL). ANTONIO DÍAZ DE FELMIL Y SUS HIJOS.

3. CRUCEIRO DA IGREXA (GAIBOR). JACINTO GARCÍA E RAMÓN GARCÍA, membros da “CASA DE MUIÑO NOVO”.

4. CRUCEIRO DO MUIÑO NOVO (GAIBOR). RAMÓN GARCÍA.

5. CRUCEIRO DA IGREXA (TROBO). BENITO RIFÓN CORRAL.

En relación aos cruceiros, que amosan unha inscrición, facemos alusión aos seguintes:

**CRUCEIRO DO QUINTO (DONALBAI). CRUCEIRO DE DENUNE (FELMIL).
CRUCEIRO DA IGREXA (GAIBOR). CRUCEIRO DE MUIÑO NOVO (GAIBOR).
CRUCEIRO DE SAAVEDRA. CRUCEIRO DA IGREXA (TROBO).**

Como remate, é mester mencionar que no ano 2012 algunhas partes do ***Cruceiro de Denune (Felmil)*** foron esnaquizadas posiblemente nun intento de roubo. No intre actual fica en pé a plataforma, a base e a parte inferior do fuste. Os propietarios da “*Casa de Algara*” conservan algúns restos do cruceiro destrozado. Tamén, cómpre facer alusión a que ata comezos da década dos oitenta do século pasado había outros dous cruceiros: un, situado preto da igrexa de San Vicente de Pena; e outro , no barrio de Caraxeita, en Felmil.

V. BIBLIOGRAFÍA SOBRE OS CRUCEIROS DE BEGONTE

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (I)”, en *El Progreso, diario de Lugo*, 20-8-1987.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (II)”, en *El Progreso, diario de Lugo*, 20-8-1987, páx. 7.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 76, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1998.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 81, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1999.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 87, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Castro de Rei”, en *El Legado Cultural de la Iglesia mindoniense*. I Congreso do Patrimonio da Diócese de Mondoñedo, 2000, páxs. 497-506.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Guitiriz”, en *Os Canteiros*. Actas das xornadas celebradas en Parga (Guitiriz), 2000, páxs. 31-41.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA, Mario. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces da Pastoriza*. Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 92, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2002.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA, Mario. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces de Abadín.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos , Sada (A Coruña): Ed. do Castro.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de Cospeito”, en ***Caderno de Estudios Chairegos***, nº 1, 2002, páxs. 99-117.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel.. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces de Xermade.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 94 , Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2004.

ARRIBAS ARIAS, Fernando , BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA PÉREZ, Mario. “ Os Cruceiros da Terra Chá. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de A Pastoriza”, en ***Caderno de Estudios Chairegos***, nº 2, 2004, páxs. 123-146.

ARRIBAS ARIAS, Fernando. “Cruceiro do adro da igrexa de Trobo. Peza singular e única”, en ***Rev. Trasluz Lukus***, nº 5, Lugo, 2009-2010.

BAAMONDE GARCÍA, Alfonso A e CASTRO RODRÍGUEZ, A. “ Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega”, en ***El Progreso, diario de Lugo***, 22-8-1987, páx. 7.

BEGOÑA, Bas. ***As construcións populares: Un tema de etnografía en Galicia***, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1984, páxs. 200-201.

BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. ***Cruces y Cruceiros del Municipio de Begonte.*** Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1988.

BLANCO PRADO, José Manuel. ***Religiosidad popular en el Municipio de Begonte.*** Lugo:Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1990.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Exvotos e rituais nos santuarios lucenses*. Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1996.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Santuarios da Terra Chá. Vilalba (Lugo)*: IESCHA (Instituto de Estudios Chairegos).2018.

CENDÁN FRAGA, A. “ Os cruceiros de Vilalba”, en *El Progreso de Lugo*, 31-8-1988, páx.33.

CENDÁN FRAGA, A. “ Cruceiros, hórreos y antiguos molinos chairegos sucumben en el olvido”, en *EL Progreso de Lugo*, 29-12-1989, páx. 9.

COMARCA DA TERRA CHÁ. Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Presidencia. Xunta de Galicia, 1993, páxs. 92-103.

FLORES RIVAS, Luis Hixinio. “ A cultura material representada nas construcións populares: un elemento a conservar na Terra Chá”, en *Boletín Terra Chá*, nº 1, Orgao das Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, 1997, páxs. 28-30.

GIL AGRAS, H. “Os cruceiros de Bretoña”, en *El Progreso de Lugo*, 17-8-1991, páx. 37.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e outros. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, Ts. I-VI, 1975-1983.

INFORMANTES:

MONTES PRADO, Carmen.

PRADO VÁZQUEZ, José.

LAREDO VERDEJO, J.M. *Os Nossos Cruceiros*. A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza, 1993.

PERNAS BERMÚDEZ, Carmen. “ O cruceiro dos Catro Camiños de Vilalba” (I) e (II) en *El Progreso, diario de Lugo*, 30-4 e 1-5 do 1998, páx. 16.

PERNAS BERMÚDEZ, Carmen. “ As cruces de pedra no olvido” , en *Pena do Encanto*, Boletín Informativo do Instituto de Estudios Chairegos, nº 1, 2001, páxs. 20-37.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A. *As cruces de pedra na Galiza*. Madrid:Akal, 1975. Ed. facsímil da que se levou a cabo en B. Aires en 1049.

TRAPERO PARDO, J. “ Os cruceiros”, en *Lucus, Boletín Informativo da Deputación Provincial de Lugo*, nº 27, 1974, páxs. 25-40.

VERDEJO, J.M. *Os Cruceiros*. A Coruña: Boreal. T.I. páxs. 271.

VIVEIRO, Orlando. “ O Latín dos canteiros”, en *Terra Chá*, Organo das Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, nº 2, 1997, páxs. 4-5.

NOTA. Os mapas de localización do concello de Begonte foron realizados polo delineante *José Cancio Fernández*.

As fotos dos cruceiros foron realizadas polas seguintes persoas:

- **ARRIBAS ARIAS, Fernando.**:Fotos
1,4,5,7,8,10,11,12,15,16,17,18,19,20,21,22,23, 24, 25,
- **BLANCO PRADO, José Manuel.**: 1 Bis, 12 bis, 16.
- **MAS, Jaume.**: Fotos 2,3,6,9,13,14

VI. ILUSTRACIONES.



FOTO 1. CALVARIO DE BAAMONDE



FOTO 1 BIS. CALVARIO DE BAAMONDE



FOTO 2. CRUCEIRO DA “CASA DE AMADEO” (BAAMONDE). FOTO DE JAUME MAS



FOTO 3. CRUCEIRO DA “CASA DE CASTELO”. FOTO DE JAUME MAS



FOTO 4. CRUCEIRO DE BALDOMAR



FOTO 5. CRUCEIRO DE BOCACARREIRA (BÓVEDA).



FOTO 6. CRUCEIRO DA “CASA DE MECHAS”. (A BAILADA. BÓVEDA). FOTO DE JAUME MAS.



FOTO 7. CRUCEIRO DO CASTRO



FOTO 8. CRUCEIRO DE XIMARÁS (CERDEIRAS)



FOTO 9. CRUCEIRO DA IGREXA (DAMIL). FOTO JAUME MAS.



FOTO 10. CRUCEIRO DA IGREJA DE DONALBAL.



FOTO 11. CRUCEIRO DO QUINTO (DONALBAI).



FOTO 12. CRUCEIRO DE DENUNE (FELMIL).



FOTO 12 BIS. CRUCEIRO DE DENUNE (FELMIL) ESNAQUIZADO. 2012.



FOTO 13. CRUCEIRO DE BARRAZOSO (GAIBOR). FOTO DE JAUME MAS.



FOTO 14. CRUCEIRO DA IGREXA (GAIBOR). FOTO JAUME MAS.



FOTO 15. CRUCEIRO DO MUIÑO NOVO (GAIBOR).



FOTO 16. CRUCEIRO DE SAN MARTIÑO DE PACIOS.



FOTO 17. CRUCEIRO DE SANTALLA DE PENA. FOTO MANUEL SILVARREY.



FOTO 18. CRUCEIRO DE SAAVEDRA



FOTO 19. CRUCEIRO DA IGREJA DE TROBO.



FOTO 20. CRUCEIRO DE MARTÍNO DE ARRIBA (TROBO).



FOTO 21. BASE DO CRUCEIRO DE TROBO. INSCRICIÓN.



FOTO 22. BASE DO CRUCEIRO DA IGREXA DE TROBO. RELEVO DA PAIXÓN



FOTO 23. BASE DO CRUCEIRO DA IGREXA DE TROBO. RELEVO DA PAIXÓN.



FOTO 24. FUSTE E CAPITEL DO CRUCEIRO DE DENUNE (FELMIL).



FOTO 25. FUSTE DO CRUCEIRO DE SAAVEDRA.



FOTO 26. FUSTE, CAPITEL E CRUZ DO CRUCEIRO DA IGREJA DE TROBO.



FOTO 27. CAPITEL E REVERSO DA CRUZ DO CRUCEIRO DA IGREJA DE GAIBOR



**FOTO 28. CAPITEL E ANVERSO DA CRUZ DO CRUCEIRO
DE DENUNE (FELMIL)**



FOTO 29. CAPITEL E ANVERSO DA CRUZ DO CRUCEIRO DA IGREJA DE GAIBOR.



FOTO 30. CAPITEL E REVERSO DA CRUZ DO CRUCEIRO DE DENUNE (FELMIL).

